



CAIXA RURAL GALEGA

www.caixaruralgalega.es

Sempre estivemos ó lado dos que queren botar raíces, dos que traballan duro para mellora-los seus resultados e dos que necesitan moverse por tódolos campos.


Por iso, se a túa ilusión é mercar unha vivenda, montar ou mellora-lo teu negocio ou cambiar de coche, na Caixa Rural Galega temos crédito para ti nas mellores condicións para facelo realidade.

Vennois ver, estamos preto da xente con proxectos e ilusións.



acruga

Ano 15 | nº 53 | xuño 2012



Casa de Alfredo 16

Concurso Nacional e Poxa de Adai 08

Saúda da Conselleira do Medio Rural e do Mar 11

XXV CONCURSO NACIONAL LXXXI SUBASTA NACIONAL

Adal (O Corgo)
22-23 xuño 2012



Recollida de tarxetas, no mesmo recinto feiral,
a partir das 11:00 h do día 23 de Xuño



Sumario

acruga

RUBIA GALEGA, A RAZA

Ano 15 | nº 53 | xuño 2012

- 04 Carta do Presidente**
Novos folgos para a Rubia Galega.
- 05 Novas**
A Rubia por primeira vez en Sta. Comba. GandAgro 2012.
- 06 Novas**
Subasta no Centro de Recria Gayoso Castro. Moexmu.
- 07 Novas**
Subasta de Pedrafita do Cebreiro. 35ª edición da Semana Verde.
- 08 Novas**
Concurso Nacional e Poxa de Adai
- 10 Formación**
Curso de Aplicador de Produtos Biocidas. Dous cursos de benestar animal.
- 11 Novas**
Saúda da nova Conselleira do Medio Rural e do Mar.
- 14 Sección técnica**
Facilidade de parto na Rubia Galega.
- 16 Reportaxe**
Casa Alfredo: pasado e presente a prol da Rubia Galega
- 19 Xenética**
Alfárez AG, Farruco AG e Nicolás AG
- 22 Rincón do socio**
Guía comercial. Asemblea xeral de socios de ACRUGA.



Edita: **ACRUGA** Asociación Nacional de Criadores de Gando Vacún Selecto de Raza Rubia Galega
R/ Ramón Montenegro, 18. Lugo | TEL 982 226 068 | FAX 982 231 031 | www.acruga.com

Coordinación, redacción, deseño e fotografía: **Ancaria SL**, Lugo

Depósito Legal LU 129/1999



CONCELLO DO CORCO

Axuda á compra:
* 300 € para familias
* 400 € para machos,



A unidade de todos é a fortaleza da Rubia Galega



César Dorado Pin

Queridas amigas e amigos gandeiros de ACRUGA,

O pasado mes de maio celebramos, como todos os anos, a Asemblea Xeral de Socios e Socias de ACRUGA, á que moitos de vós assististes. Unha reunión que serve, ano a ano para darvos a coñecer todo o traballo feito a prol da Rubia Galega no último ano. E como puidesedes ver, a pesares dos duros momentos que nos seguen a rodear, a nosa evolución é positiva, imos polo bo camiño.

É ao igual que nos últimos anos, tamén homenaxeamos a 10 compañeiros, a 10 gandeiros e gandeiras de ACRUGA, que logo dun traballo ben feito durante toda a vida pola Rubia Galega, mereceron un sentido recoñecemento, e así llo tributamos. Precisamente, quero aproveitar este momento para agradecer, especialmente a eles pero tamén a todos os que día a día traballados pola Rubia Galega, o voso enorme esforzo e mérito. Gracias a eles y gracias a que seguides apostando por esta nobre Raza de carne, hoxe a Rubia Galega é a referencia dentro e fora das nosas fronteiras.

Un dos proxectos nos que estamos a traballar, logo da consecución do convenio coa IXP Terreira Gallega, o cal deu orixe á marca "Terreira Gallega Suprema Carne de Rubia Galega", é na comercialización da mesma. É dicir, estamos buscando aos provedores e distribuidores que ofrezan o prezo máis competitivo e xusto por unha carne, a da nova marca, que é de altísima calidade. E que merece estar nos mercados ao mellor prezo tanto para o consumidor como para os gandeiros que a fan os seus.

Doutra banda, en poucos días celebraremos o que é o acontecemento feiral máis importante da Asociación. Os 22 e 23 de xuño celebraremos o día grande de ACRUGA e da Rubia Galega, o Concurso Nacional e Subasta de Adai. Desde esta carta quero aproveitar para convidar a todos a asistir e a disfrutar dunha xornada festiva onde a Rubia Galega é a protagonista indiscutible.

En xornadas como a Asemblea Xeral de Socios ou Adai é moi importante contar coa vosa presenza e participación. Porque todos xuntos faremos máis e mellor pola nosa Raza. Xa dí o refrán, a unión fai a forza. Xuntos todos conseguiremos máis beneficios para a nosa Rubia Galega e os nosos produtos. Conseguiremos mellores prezos para a nosa carne se estamos unidos e camiñamos na mesma dirección. Sen unión, será imposible conseguir acadar as nosas metas e obxectivos.

"Xa dí o refrán, a unión fai a forza. Xuntos todos conseguiremos máis beneficios para a nosa Rubia Galega e os nosos produtos. Conseguiremos mellores prezos para a nosa carne se estamos unidos e camiñamos na mesma dirección"

Por iso, desde ACRUGA non nos cansamos de repetir que ante calquera duda ou problema non dubidades en chamar ou vir ás nosas oficinas da Asociación. Darémosvos dende alí toda a información que teñamos ao noso alcance e todo o asesoramento que poidamos, que esté nas nosas mans. En todo o que se refire a documentación, axudas, información sobre cal é a mellor cubrición posible dos nosos sementais selectos para cada vaca, sobre cales son os touros máis axeitados para evitar a consanguinidade, etc. E do mesmo xeito, tamén asesoraremos convíntemente aos novos gandeiros e gandeiras que se decidan a traballar con e pola Rubia Galega. En definitiva, estamos á disposición total tanto dos que queiran entrar a formar parte de ACRUGA como dos que xa formades parte da gran familia da Rubia Galega.

Volvendo á vista aos últimos meses desta primeira parte do 2012 hai unha

actividade que sigue tendo unha enorme importancia á vez que éxito. Estoume a referir ás subastas de gando selecto de Rubia Galega. E especialmente, quero destacar unha que celebramos por primeira vez, en colaboración coa Deputación Provincial de Lugo, a través do Centro de Recría da Granxa Gayoso Castro. Unha subasta na que as once novillas que saíron á venda foron adquiridas, a un elevado prezo medio de 2.255 euros, cifras certamente salientables e nas que tiveron moito que ver a altísima calidade dos exemplares ofrecidos. Do mesmo xeito, estou convencido de que repetiremos este éxito na Subasta de Adai. Son pois as subastas unha forma moi eficaz de ofrecer aos nosos gandeiros animais con todas as garantías xenéticas e sanitarias; aquel que adquire un exemplar nas nosas subastas a bo seguro leva unha nai ou un semental cen por cen garantizado e con seguras posibilidades de éxito para a súa cabana gandeira. Por iso, animámosvos a seguir confiando e participando nestas subastas que son ben para vós e para a Raza.

"Novos proxectos e novas metas van aparecendo no camiño e imos alcanzando os obxectivos que nos marcamos dende un principio: a mellora e a expansión da nosa Raza Rubia Galega"

Falando precisamente do Centro de Recría de Gayoso Castro, seguimos insistindo na súa enorme importancia xa que desde el mantemos a calidade da nosa Raza. Adquirimos aos nosos gandeiros aos mellores vacas, evitando que se perdan no matadoiro, e abastecemos a novos gandeiros que, cada vez en maior número, apostan pola Rubia Galega. Desta forma, estamos fomentando tamén o emprego e o asentamento de familias no rural, á vez que extendemos, dentro e fora de Galicia, á nosa Rubia Galega. A potenciación da Raza a través de Gayoso Castro é un dos feitos máis salientables dos acadados por ACRUGA nos últimos anos. Por eso, manifesto novamente o noso agradecemento á Deputación Provincial de Lugo.

Novos proxectos e novas metas van aparecendo no camiño e imos alcanzando os obxectivos que nos marcamos dende un principio: a mellora e a expansión da nosa Raza Rubia Galega. Co apoio e a confianza que depositades día a día en nós, estamos seguros de que seguiremos saíndo adiante, que superaremos os malos tempos que vivimos e que a nosa Raza Rubia Galega seguirá a ser referencia indiscutible nos mercados da carne.

Ánimo a todos, moita ilusión no traballo diario e adiante todos unidos coa Rubia Galega.



acruga
RUBIA GALEGA. A RAZA

César Dorado Pin
Presidente de ACRUGA



Intenso programa de exposicións

Ao longo do segundo trimestre do ano, ACRUGA continúa desenvolvendo o seu calendario de participacións en certames expositivos tanto de carácter nacional coma local.

Deste xeito, do 12 ao 15 de abril, a Rubia Galega estivo representada en Pozoblanco (Córdoba) con XXX exemplares.

O mes de marzo foi certamente intenso en actividade, e coa participación en citas de enorme relevancia dentro do panorama expositivo galego.

O 3 de marzo e por primeira vez a Rubia Galega conta cun espazo expositivo na XIV Feira de Santa Comba (A Coruña), que tradicionalmente xira arredor da raza frisona. Así, a Raza estivo representada por dous touros e seis novillas que chamaron enormemente a atención dos visitantes; hai que ter en conta que a zona de Santa Comba é maioritariamente de explotacións de leite, co cal a presenza da Rubia no certame foi toda unha sorpresa e unha forma de achegar a novos gandeiros a gandaría de carne a través dunha das mellores razas do mundo, a Rubia Galega.

Do 8 ao 10 de marzo, ACRUGA acode á cita bianual de GandAgro (Silleda, Pontevedra). A segunda edición do Salón Monográfico de Gandaría e Agricultura contou coa participación de 231 firmas expositivas de 14 países, que ocuparon unha superficie total de 12.000 metros cadrados. A feira contou con máis dunha trintena de actividades nas que se incluíron xornadas técnicas, concursos, conferencias, presentacións, exhibicións e reunións sectoriais.

A comitiva inaugural visitou o stand expositivo de ACRUGA, unha comitiva presidida polo conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, e na que tamén estiveron o secretario xeral do Medio Rural e Montes, Tomás Fernández-Couto; a directora da Fundación Semana Verde, Paloma Hidalgo; o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán; e a alcaldesa de Silleda, Paula Fernández, entre outras autoridades.

ACRUGA participou en GandAgro 2012 con unha mostra expositiva composta por 1 macho, 2 vacas e 6 novillas.

A Rubia Galega pechou o seu ciclo de actividades durante o mes de marzo participando na XXVII edición da Feira de mostras e exposicións de Muimenta (MOEXMU), que tivo lugar do 30 de marzo ao 1 de abril. A Asociación participou con XXX exemplares.

Durante o mes de marzo, ACRUGA acudiu a certames expositivos onde participa habitualmente. O 1 de maio acudiu á Festa da Terreira Galega de Lánchara (A Pobra, Lugo), un evento que cumpriu a súa 14 edición e ao que acudiron centenas de persoas que degustaron máis de mil quilos de excelente carne de vacún.

No certame estiveron presentes a conselleira do Medio Rural e do Mar Rosa Quintana, o subdelegado do Goberno, Ramón Carballo, a presidenta do INLUDES, Sonsoles López, e os alcaldes de Portomarín, O Páramo, O Corgo, así como o local, Eladio Capón. Raquel Arias, delegada territorial en Lugo da Xunta de Galicia foi a encargada de pronunciar o pregón no que destacou a enorme importancia da vaca galega dentro da economía rural galega. Os asistentes á feira alabaron a calidade de todo o gando exposto, sendo os principais puntos de referencia os touros de ACRUGA.

A seguinte cita expositiva levou ás reses de ACRUGA ata Friol (Lugo). O 6 de maio a esta feria de gando vacún de carne superou as previsións de participación e sorprendeu pola calidade das reses presentadas. En total foron 103 reses as participantes e se rexistraron numerosas transaccións entre os gandeiros participantes. ACRUGA colaborou co Concello aportando doce exemplares de Rubia Galega de alta selección xenética para exposición: 2 vacas, 2 touros e 8 novillas.

A gandaría de Rubia Galega de Obdulia Pereira, de Nodar (Friol), recibiu o premio ao mellor lote, que lle foi entregado polo presidente da Asociación, César Dorado.

Finalmente, pechando o mes de maio, ACRUGA acudiu a Paradelá (Lugo), participando con XXX exemplares da Raza.



El sistema ISOBUS de Pöttinger
sistema de conexión rápido y sencillo para utilizar con los principales fabricantes de tractores un solo mando de control para todos los aperos: posibilidad de utilizar a través del mando del tractor comodidad de uso infinidad de funciones adicionales

Durán Maquinaria Agrícola s.l.
Carretera N-640, km. 87,5 - 27192 LA CAMPiÑA (Lugo)
Tel.: 982.22.71.65 - Fax: 982.25.20.86
E-mail: info@duranmaquinaria.com
www.duranmaquinaria.com



Vindeiras citas

Certames gandeiros nacionais

- Semana Verde de Silleda: 14-17 xuño

Acruga participara coa exposición de 1 touro, 2 vacas e 6 novillas.

- XXV Concurso e LXXXI Subasta Nacional de Gando Vacuno Selecto de raza Rubia Galega, Adai (O Corgo): 22-23 xuño

A previsión é de contar coa participación duns 20 gandeiros e perto de 150 cabezas de gando.

Pódese consultar o Regulamento para participar en Adai en:

http://www.acruga.com/archivos/docs/Reglamento_ADAI_2012.pdf

Certames gandeiros locais (Exposicións)

- O Páramo: 10 xuño

Subastas

- Bretoña (Pastoriza, Lugo): 17 xuño. Subasta de novillas do Centro de Recría de Gayoso Castro.

- ADAI (O Corgo, Lugo): LXXXI Subasta Nacional, 23 xuño:

- Subasta de machos de 14 a 26 meses de idade.

- Subasta de novillas preñadas, de 18 a 36 meses de idade.

- Castroverde (Lugo), 22 xullo: Subasta de novillas do Centro de Recría de Gayoso Castro.

Dúas subastas de enorme importancia

Nos meses de marzo e abril, tiveron lugar dúas subastas de gando de Rubia Galega que cosecharon un enorme éxito de participación e vendas.

O 28 de marzo, a Granxa Gayoso Castro (Castro Riberas de Lea, Lugo), pertencente á Deputación Provincial de Lugo, celebrou a primeira subasta de novellas, en virtude do convenio de colaboración existente entre esta institución e ACRUGA.

Foron finalmente 11 as novillas subastadas e adxudicadas, a un precio medio de 2.255 €, todo un éxito xa que é un precio medio superior ao alcanzado no resto de subastas organizadas por ACRUGA no último ano. Gandeiros de Lugo e Pontevedra foron os principais compradores que puxaron forte por moitos dos exemplares presentados, que contaron cunha axuda á adquisición por parte de Caixa Rural Galega.

O asesor de ACRUGA, Luciano Sánchez, foi o encargado de conducir a subasta, que reuniu a cerca de un centenar de gandeiros de diversos municipios da provincia de Lugo, así como a outros chegados desde Cedeira, Lalín, Silleda o Vila de Cruces.

A subasta contou coa presenza do presidente da Deputación Provincial de Lugo, Xosé Ramón Gómez Besteiro, así coma do deputado responsable da Área de Gandaría, Xosé Fernández, que asistiron con moito interese ao desenvolvemento de toda a poxa.

O 21 de abril, Pedrafita do Cebreiro acolleu unha nova subasta de novillas de ACRUGA. Dos seis exemplares que saíron a subasta, finalmente foron 5 as novillas adxudicadas, a un prezo medio de 1.820 €.

Balance dos cursos de formación

Nos meses de febreiro e marzo do presente ano, ACRUGA impartiu a través do Centro de Estudos tres cursos de carácter específico dirixidos dirixido a traballadores en activo e desempregados membros de ACRUGA.

Dous Cursos de Benestar Animal para condutores/ coidadores.

O primeiro dos cursos, constou dun módulo específico impartido durante os días 24 e 25 de febreiro, contando con 25 alumnos.

O segundo curso, de carácter xeral e específico, contou tamén con 25 participantes e foi impartido os días os días 23, 24, 30 e 31 de marzo.

Ambos cursos foron homologados pola Consellería do Medio Rural e do Mar para a adquisición do Carné de Benestar Animal, e contaron

coa subvención da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e do Fondo Social Europeo.

Curso de Aplicador de Produtos Biocidas. Nivel básico.

Este curso, de carácter específico, desenvolveuse os días 2, 3, 9 e 10 de marzo, e contou coa participación de 23 persoas. O curso foi subvencionado pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e polo Fondo Social Europeo.

Próximo curso da Escola de Xuíces de ACRUGA

En setembro...

Novos mercados para a Rubia Galega

O pasado mes de maio nas oficinas administrativas de ACRUGA, sitas en Lugo, recibíronse importantes peticións en relación a adquisición de exemplares da raza Rubia Galega. Dita demanda permite á Asociación a entrada en novos mercados, en novas explotacións de comunidades autónomas nas que, ata o de agora, non tiña presenza a Rubia Galega.

Demanda desde Andalucía

Deste xeito, dúas explotacións da Comunidade Autónoma de Andalucía contactaron con ACRUGA coa intención manifesta de adquirir exemplares, vacas e novillas preñadas, para incluír nos seus rabaños.

En concreto, trátase dunha explotación da provincia de Cádiz e outra de Málaga, que ademais fixeron chegar á Asociación o seus

parabéns polo traballo desenvolvido por esta, calificando á Rubia Galega de "raza espectacular".

Deste xeito, agardamos en breve poder anunciarvos a presenza da Rubia Galega nunha comunidade tan importante coma a andaluza, feito que constatará a presenza crecente da Raza en comunidades distintas á galega.

O CENSYRA Madrid demanda dosis de seme a ACRUGA

No mesmo senso, responsables de CENSYRA-Madrid, demandaron dende Colmenar Viejo??, dosis de seme dos touros selectos de ACRUGA para incluír nas súas investigacións e análises.

Un feito que demostra o interese crecente pola nosa raza Rubia Galega en ámbitos tan importantes como a área de Madrid.

Asemblea xeral de socios



ACRUGA celebrou o pasado 5 de maio a súa asemblea anual de socios na que fixo balance do pasado exercicio, un 2011 que continuou coa tendencia á alza en canto aos prezos medios rexistrados nas poxas, ademais de no incremento de explotacións e de cabezas de gando. Trátase, polo tanto, dun balance positivo, máis aínda se se ten en conta a actual conxuntura económica de crise e a situación do sector gandeiro.

Á marxe destes números, ACRUGA logrou ao longo do pasado 2011 seguir avanzando na súa aposta pola promoción e a expansión da raza Rubia Galega, como o proban os seus bos resultados nas poxas e feiras nas que participou, o incremento de animais rexistrados no Libro Xenealóxico, o aumento de novas explotacións de Rubia Galega, as vendas de seme dentro e fóra do territorio nacional e a mellora de servizos aos gandeiros.

A calidade da carne de raza Rubia Galega e as excelentes cualidades destes animais son cuestións innegables nas cadeas de alimentación e entre os gandeiros do sector cárnico. Proba diso son os números rexistrados o pasado ano e que a directiva de ACRUGA expuxo aos gandeiros asistentes a esta asemblea anual da Asociación.

Libro Xenealóxico 2011

Entre os informes que constatan a boa marcha da Raza figura o do número de animais inscritos no Libro Xenealóxico, que é o rexistro oficial dos animais de raza selecta, que pasaron de 59.214 en 2010 a 65.563 en 2011. O número de explotacións tamén aumentou de 2.771 a 2.780. Con todo este incremento foi maior que o rexistrado xa que ao longo do pasado exercicio incorporáronse á Rubia Galega preto de 60 novas explotacións, e restando as xubilacións obtense un incremento real de 9. Tamén aumentou o número de animais por explotación, pasando dunha media de 21,4 cabezas en 2010 a 23,6 en 2011.

Actividades 2011

No transcurso da asemblea deuse conta das actividades realizadas por ACRUGA ao longo de 2011, un ano no que a asociación participou en 21 certames gandeiros, a metade deles de carácter nacional. Neste tipo de feiras celébranse exhibicións dos mellores exemplares de Rubia Galega así como poxas, un apartado no que, un ano máis ACRUGA cultivou importantes resultados. Así, nas nove poxas nas que participou o colectivo, presentáronse ás poxas a un

total de 86 animais, dos cales adxudicáronse 79, cun prezo medio de 1.943 euros. Este último dato reflicta a tendencia á alza das cotizacións alcanzadas polos exemplares de Rubia Galega nas poxas nas que participan.

Evolución dos prezos medios nas subastas
AnoPrezo medio
20081.470 €
20091.732 €
20101.931 €
20111.943 €

Aínda que o incremento de 2011 con respecto ao ano anterior non é elevado, se é significativo posto que proba que a pesar da actual crise económica o prezo destes exemplares non só non se resentiu senón que aumentou.

Ademais, algunhas das poxas celebradas ao longo destes meses de 2012 arrojan moi bos resultados e fan prever que a citada tendencia á alza manterase. Proba das excelentes cotizacións alcanzadas polos exemplares de Rubia Galega foi a primeira poxa desta raza celebrada na granxa Gayoso Castro, centro dependente da Deputación de Lugo, onde este organismo en colaboración con ACRUGA desenvolve desde 2007 un convenio para a recría de exemplares de alta calidade xenética, morfolóxica e produtora. En devandita poxa, celebrada o pasado mes de marzo, vendéronse os 11 animais presentados cun prezo medio de 2.255 €.

Convenios con Deputacións Provinciais

ACRUGA asinou no pasado 2011 un convenio de colaboración, neste caso coa Deputación de Ourense para a creación dun centro de recría na Granxa de Valverde, en Allariz, co obxectivo de abastecer á provincia. A 31 de decembro de 2011, o censo neste centro era de 9 femias e un macho. Pola súa banda na Granxa Gayoso Castro, o censo ao peche do pasado ano era de 216 novillas.

Comercialización de seme

A promoción da Raza non só se realiza mediante a asistencia a feiras e organización de poxas. A comercialización de seme coa exportación de dose seminales é outra das liñas de actuación de ACRUGA, un apartado no que tamén se rexistrou un incremento con respecto ao 2010. En concreto deuse un aumento do 15 por cento, o que se traduce en 320.400 doses vendidas en 2011. Na actualidade ACRUGA exporta a Brasil, Chile, Arxentina, Polonia, Lituania, Nicaragua e algúns estados norteamericanos.

ACRUGA e a IXP Terreira Gallega

O pasado ano foi o primeiro exercicio en que se desenvolveu o convenio de colaboración entre Tenreira Galega e ACRUGA para a comercialización e promoción de marca "Terreira Galega Suprema Carne de Rubia Galega", un produto presentado o pasado mes de outubro.

Neste sentido, o número de canais comercializadas entre outubro de 2011 e decembro de 2011 foi de 1.150, cunha media de 387 canais ao mes. Hai que destacar que o 90 por cento das explotacións de orixe desas canais son da provincia de Lugo, unhas 452. Da Coruña procederon de 35 explotacións, sendo de 7 e 2 as correspondentes a Ourense e Pontevedra, respectivamente.

Servizos aos gandeiros

Outro dos alicerces da actividade de ACRUGA é o de prestar o maior número de servizos aos gandeiros con explotacións pertencentes a esta Raza. Ao longo de 2011 os servizos non só se mantiveron, senón que se incrementaron, posto que a asociación é entidade identificadora, desde xaneiro de 2011. Isto tradúcese na colocación de 3.543 chapas coas que se identifican aos animais.

Capítulo aparte merecen as modificacións e actualizacións das regulamentacións específicas por unha banda do Libro Xenealóxico e por outra do Programa de Mellora Xenética. Segundo explicou na asemblea a secretaria executiva de ACRUGA, Ángeles Moreno, "mantendo o obxectivo, que é obter un tenreiro de excelente calidade cárnica, sacrificado antes dos 10 meses e criado en lactación natural, no novo programa de mellora establecéronse uns criterios máis severos á hora de seleccionar aos candidatos para ser futuros reprodutores. Así, téñense en conta os datos xenealóxicos dos antecesoros, os datos reprodutivos e produtivos, e evitando en

todo momento a consanguinidade, comprobando que as liñas xenéticas sexan distintas".

Tampouco se descoidou a formación aos gandeiros adscritos a ACRUGA, un colectivo que o pasado ano 2011 ofertou un total de 17 charlas de formación zootécnica sobre a situación do Libro Xenealóxico e o citado Programa de Mellora Xenética en varios concellos de Galicia. Ademais levou a cabo un novo curso de xuíces, e cursos sobre planificación da reprodución e sobre benestar animal.

Homenaxe aoa gandeiros e comida de confraternidade

Tras informar do balance de 2011 aos asistentes á asemblea, tivo lugar a homenaxe a varios gandeiros de ACRUGA que se xubiláron da súa actividade, un acto ao que seguiu a tradicional comida no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, á que asistiron preto de 200 gandeiros da provincia.

A esta convocatoria acudiron tamén o Xefe Territorial en Lugo da Consellería do Medio Rural e do Mar, Ramón Losada; o delegado da Granxa Gayoso Castro e Deputado de Economía do Rural e do Mar na Deputación de Lugo, José Fernández, e o alcalde de Lugo, Xosé Clemente López Orozco, entre outras autoridades.

Os dez gandeiros homenaxeados foron Sacramento Iglesias Abuín (Lugo), Julio Bolaño Mosteiro (O Corgo), Antonio Fernández Prieto (Baleira), Luis Reija Ferreiro (O Corgo), María Carmen López Fernández (Baleira), Carmen Varela Mera (Lugo), Manuel López Martínez (A Fonsagrada), Josefa Fuentes Fernández (Láncara), Emilio Berdeal (Castroverde) e Guillermo Cordero Seijo (Baralla).



Nova regulamentación específica do libro xenealóxico da raza bovina Rubia Galega

A obrigada esixencia de adaptación ao "Real Decreto 2129/2008, de 26 de decembro, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras" deu lugar á modificación da Regulamentación Específica do Libro Xenealóxico da raza bovina Rubia Galega, que foi aprobada por Resolución de 29 de marzo de 2012 da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios (BOE 16 abril 2012) e que resumimos a continuación para proporcionar aos gandeiros a información necesaria para desenvolver e execución.

1) Definición

Aos efectos da presente regulamentación, defínense como exemplares de Rubia Galega aqueles que se atopen inscritos en calquera rexistro do Libro Xenealóxico desta raza.

2) Seccións e rexistros do Libro Xenealóxico

2.1 Sección principal

2.1.1 Rexistro de Nacemento (RN): descendentes de ambos sexos de proxenitores de Rexistro Definitivo (RD) ou Rexistro de Méritos (RM), así como as fillas de nais de Rexistro Auxiliar B (RAB) e pais RD o RM. Requisitos:

- A) Declaración do nacemento recibida na oficina da entidade oficialmente recoñecida para a xestión do Libro Xenealóxico (en diante, a Entidade) antes dun mes desde o parto.
- B) Carácter étnico da raza, con ausencia de caracteres eliminatórios ou defectos determinantes de descalificación (apartados 7.3, 7.5 e 7.6).
- C) Fillos de touros de inseminación artificial: documentar a inseminación da vaca, mediante o correspondente recibo de inseminación oficial.
- D) Animais obtidos por transferencia embrionaria: certificado de extracción embrionaria identificando vaca doante e semental, ademais de certificado de transferencia e identificación da vaca receptora.

Os exemplares permanecerán neste Rexistro de Nacementos, ata a súa inscrición no RD ou ata que causen baixa por descalificación, segundo os apartados 7.3, 7.5 e 7.6..

2.1.2. Registro Definitivo (RD): Animais procedentes do RN, ao alcanzar os catorce meses de idade para os machos e ter acreditado polo menos un parto antes dos tres anos e medio de idade (42 meses) para as femias. Requisitos:

- A) Calificación morfolóxica igual ou superior a 70 puntos nos machos e 65 nas femias.
- B) Alzada á cruz no inferior a 128, na data da súa inscrición.

A permanencia dos exemplares neste RD estará condicionada aos resultados do control da descendencia, sendo dados de baixa no Libro Xenealóxico en caso de observarse caracteres eliminatórios (apartado 6.6) ou cando se aprecien condicións hereditarias de baixa fertilidade, fecundidade ou deficientes calidades maternas.

A efectos de participación no Programa de Mellora, os exemplares do RD se clasificarán en (ver "Programa de Mellora"):

- Vaca de reprodución.
- Nai de Futuro semental (MFS).
- Touro de Monta Natural.
- Pai de Futuro Semental (PFS).
- Touro de Inseminación Artificial.

2.2 Rexistro Auxiliar (RA)

Femias con características étnicas definidas no prototipo racial, que carecen total ou parcialmente de documentación xenealóxica que acredite a súa ascendencia. As femias inscritas neste rexistro permanecerán nel durante toda a súa vida, excepto aquelas para as que poida demostrar a ascendencia xenealóxica necesaria para acceder á Sección Principal, mediante filiación, pegada xenética ou por outros medios válidos recoñecidos internacionalmente. Este rexistro dividirase en dúas categorías:

2.2.1 Rexistro Auxiliar Categoría A (RAA)

Requisitos:

- A) Idade superior a 2 anos.
- B) Ter acreditado alomenos 1 parto.
- C) Calificación morfolóxica no momento da súa inscrición igual ou superior a 65 puntos.
- D) Desenvolvemento corporal conforme a súa idade.
- E) Sen caracteres eliminatórios ou defectos determinantes de descalificación (apartado 7.6 desta regulamentación) ou impedimento para a súa utilización como reprodutora.

2.2.2 Rexistro Auxiliar Categoría B (RAB): Fillas de nais R.A.A. e de pai RD, cuxa declaración de nacementos fose remitida á Entidade na forma e prazos que se indican para os exemplares del RN.

Así mesmo inscribiríanse neste rexistro, as fillas de nais RAB e pai RF. Para manterse nesta categoría, as femias deben superar a cualificación morfolóxica mínima tras o primeiro parto (65 puntos).

2.3 Rexistro Fundacional (RF): Sección pechada que recolle a relación dos animais nados antes de 1988, fundadores do Libro Xenealóxico.

2.4 Rexistro de Méritos (RM): Animais de ambos sexos do RD, que polas súas excepcionais características xenéticas, morfolóxicas e produtivas sexan exemplares destacados da raza:

A) Vaca de Mérito.

- Calificación morfolóxica igual ou maior a 75 puntos (moi boa).
- Ter alomenos 3 crías en 4 anos consecutivos.
- Ter alomenos 5 crías inscritas no RN, das cales alomenos 2 en RD.

B) Touro de Mérito.

- Calificación morfolóxica igual ou maior a 80 puntos (moi boa)
- Ter alomenos 20 crías no RN, das cales alomenos 10 en RD.

3) Explotacións colaboradoras

3.1 Todas as explotacións do Programa de Mellora deberán estar inscritas neste rexistro, e os seus titulares deberán participar en todo o que dispoña devandito Programa.

3.2 A gandería solicitante debe estar inscrita previamente no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (REGA). A Asociación a efectos de funcionamento interno, asignará a cada gandería colaboradora un código de letras e cifras que identificará individualmente á explotación e estará asociado co do REGA.

3.3 Requisitos:

- a) Inscribir no Libro Xenealóxico a todos os efectivos que cumpran os requisitos de adscrición.
- b) Posuír alomenos catro animais inscritos ou susceptibles de seren inscritos nalgún dos rexistros do Libro Xenealóxico.
- c) Posuír semental inscrito no Libro Xenealóxico e aprobado como reprodutor ou acreditar a utilización de inseminación artificial con sementais autorizados da raza.

4) Procedemento de inscrición no Libro Xenealóxico.

4.1. Para a inscrición de animais no Libro Xenealóxico é obrigación previa que a explotación figure inscrita no Rexistro de Explotacións Colaboradoras.

4.2 Poderán inscribirse nos distintos rexistros, todos os animais que reúnan as características que se axusten ao disposto na presente regulamentación.

4.3 Non serán inscribíbles en ningún rexistro, aqueles animais que presenten taras ou defectos morfolóxicos (apartado 7.6), ou que mostren escasa calidade racial.

4.4 Todos os animais deberán estar identificados individualmente de acordo coa normativa legal vixente en materia de identificación animal. A efectos de funcionamento interno, asignarase a cada animal un código de letras e cifras que identificará individualmente ao animal e estará asociado co número de identificación oficial.

4.5 Para poder inscribir un animal na Sección Principal hase de comunicar a declaración de nacemento na oficina da Entidade, antes dos 30 días seguintes ao nacemento e nos formularios aprobados ao efecto.

4.6 Todo gandeiro con efectivos inscritos terá a obrigación de comunicar á Entidade, tanto as baixas dos animais como os movementos por transferencia dos mesmos. A este efecto, a Entidade aprobará e establecerá os documentos e formularios necesarios para a comunicación de información (altas, baixas, movementos e outros).

4.7 Corresponde á Entidade a emisión dos Certificados Xenealóxicos Oficiais. Estes incluírán obrigatoriamente os datos establecidos nas disposicións legais vixentes para este fin e calquera outra información que se considere de interese para os gandeiros.

5) Control de filiación

5.1 Para garantir a xenealoxía dos animais inscritos no Libro Xenealóxico establecerase un mecanismo de control de filiación a través da análise dos marcadores xenéticos ou calquera outra norma ou medida que axude a fomentar a pureza racial.

5.2 O control de filiación levarase a cabo en todos os animais que os servizos técnicos da Asociación estimen oportunos, sendo obrigatorio para:

- A) Todos os machos do centro de testaxe, provintes do esquema de selección da raza.
- B) Todos os machos do RD xa sexan de inseminación artificial ou de monta natural.
- C) Todos os individuos (machos e femias) inscritos no rexistro de Méritos (RM)
- D) Todos os individuos seleccionados como Pais e Nais de Futuro Semental.
- E) Todas as femias doantes de embrións.



6) Prototipo ou estándar racial

6.1 Estrutura e aspecto racial.

6.1.1 Coloración da capa: fundamentalmente louro, trigueño ou canela (capa teixa), admitíndose oscilacións que van desde o claro (marelo) ata o escuro (vermello).

Cor uniforme, admitíndose degradacións centrífugas de tonalidade nas bragadas, axilas, cara interna das coxas, cara posterior das nádegas, partes distais das extremidades, punta da cola, morro e ao redor do ollo. Consideraranse caracteres non desexables as manchas brancas situadas en calquera parte do corpo, así como pelos doutra cor que o da capa.

6.1.2 Coloración das mucosas: sonrosadas e ausentes doutra pigmentación.

6.1.3 Coloración dos cornos: rosada, branquecina na súa base, sen pigmentación, salvo nalgunhas ocasións en que se presenta oscurecemento cara ás puntas. Refugaranse os de cor totalmente negra ou pizarrosa.

6.1.4 Coloración das pezuñas: claro, desde o branco rosáceo ata o castaño.

6.1.5 Cor do escroto: rosáceo.

6.1.6 Conformación xeral: perfil recto ou lixeiramente subconvexilíneo, de aspecto global equilibrado, dotado de lonxitude, profundidade, e certa ampulosidad e anchura.

6.1.7 Órganos sexuais: Testículos normalmente desenvolvidos; ubre globosa, de forma regular, ben proporcionada e implantada; mamilas de tamaño medio simétricamente colocados; veas amplias e ben ramificadas, destacadas ao exterior.

6.1.8 Desenvolvemento corporal: formato de tipo medio e proporcionado, sen desprezar as variantes positivas.

6.2 Desenvolvemento muscular

6.2.1 Pescozo: Firme, relativamente curto, ben musculado e potente nos machos e fino e delgado nas femias. Bordo superior recto nas femias e convexo nos machos. Papada reducida.

6.2.2 Cruz: Pouco destacada, redondeada, chea e cuberta cara aos lados.

6.2.3 Costas: Longa e ancha, ben musculada e ben dirixida.

6.2.4 Peito: Ancho e musculado nos machos.

6.2.5 Tórax: Profundo, longo e arqueado.

6.2.6 Ventre: Con flancos alongados, profundo, ancho e ben proporcionado.

6.2.7 Dorso: Liña dorso-lumbar horizontal, ancha e plana a superficie dorsal.

6.2.8 Lombos: Anchos e notoriamente musculados.

6.2.9 Grupa: Ampla, musculada e tendente á horizontalidade.

6.2.10 Cola: Ben inserida, longa e con abundante borlón terminal.

6.2.11 Coxas: Moi musculadas e convexas, máis nos machos.

6.2.12 Nádegas: Rectas ou convexas nas femias; moi musculadas, longas, con tendencia á ampulosidad e fortemente convexas nos machos

6.3 Capacidade funcional

6.3.1 Cabeza: Alongada nas femias e máis curta nos machos, con morro ancho.

6.3.2 Extremidades: Robustas e ben proporcionadas.

6.3.3 Aplomos: correctos, proporcionando marcha lixeira e solta.

6.3.4 Pezuña: redondeadas, duras e de tamaño en relación harmónica co peso.

6.4 Estrutura e Aspecto racial.

6.4.1 Estrutura corporal: óso forte, potente e fino.

6.4.2 Estimacións obxectivas: Medidas corporais complementarias ao exame anterior: Alzada á cruz, Lonxitude escapulo-isquial, Lonxitude da grupa, Anchura iliaca, Perímetro da cana.

7) Calificación Morfolóxica

7.1 Método de avaliación do tipo-conformación dos reprodutores, cuantificando o grao de aproximación de cada individuo ao prototipo racial.

7.2 Aspectos obxecto de cualificación:

A) Desenvolvemento muscular:

- Anchura anterior
- Anchura posterior
- Desenvolvemento posterior.

B) Desenvolvemento esquelético:

- Alzada á cruz
- Lonxitude total
- Profundidade torácica
- Grupa
- Circunferencia da cana

C) Capacidade funcional:

- Sistema mamario en femias e testículos en machos
- Aplomos
- Anchura do morro
- Rectitude do dorso

D) Estrutura e Aspecto racial:

- Valoración racial
- Configuración xeral
- Cor da capa

7.3 Calificación por apreciación visual do animal de cada aspecto obxecto de valoración, según a seguinte escala:

- Perfecto: **10 puntos**
- Excelente: **9 puntos**
- Moi Bo: **8 puntos**
- Bo: **7 puntos**
- Regular: **6 puntos**
- Suficiente: **5 puntos**
- Eliminable < **5 puntos**

Para cada aspecto a valorar, a puntuación será a media aritmética dos caracteres que comprende. A adxudicación de menos de 5 puntos a calquera dos aspectos a valorar será causa de descalificación sen que se teña en conta o valor obtido para os restantes conceptos.

7.4 A puntuación asignada a cada aspecto multiplicarase polo factor de ponderación fixado para cada sexo:

Concepto	Factor de Ponderación	
	Machos	Femias
Desvolvemento Muscular	4,0	3,5
Desvolvemento Esquelético	3,0	3,0
Capacidade Funcional	2,0	2,5
Estrutura e Aspecto Racial	1,0	1,0

7.5 Segundo a puntuación final, os exemplares quedarán calificados como:

Categoría	Machos	Femias
Excelente	≥ 85	≥ 80
Moi boa	80 a 84 puntos	75 a 79 puntos
Boa	75 a 79 puntos	70 a 74 puntos
Suficiente	70 a 74 puntos	65 a 69 puntos

7.6 Caracteres eliminatórios: toda tara hereditaria ou malformación física evidente, sobre todo aquelas que dificulten a función reprodutora. E especificamente, os seguintes:

- Prognatismo superior ou inferior.
- Coloración negra ou pizarrosa en lingua, mucosas, pezuñas.
- Manchas brancas situadas en calquera parte do corpo, así como coloración distinta á norma en pel e/ou pelos doutra cor que o da capa, a nivel de calquera rexión corporal.

Ver texto completo en:

http://www.acruga.com/archivos/docs/Reglamentacion_LG.pdf

O novo Programa de Mellora da raza Rubia Galega

